



As pegadas xacobeas do concello da Estrada (e II)

Fernando Cabeza Quiles
fecabezaquiles@edu.xunta.es

Resumo. Se na anterior Miscelánea ofreciamos un estudo divulgativo e interpretativo do camiño de peregrinos a Santiago, hoxe non recoñecido de maneira oficial, que, procedente de Portugal, vía A Cañiza, pasaba pola vila da Estrada e o seu concello, hoxe facemos o mesmo co Camiño do Sudeste, ruta xacobeas oficial que, despois de deixar atrás o concello de Silleda, fai un breve pero substancial percorrido polo extremo nordeste do concello estradense, para despois pasar ao concello coruñés de Vedra.

Abstract. The previous Miscelánea provided an informative and interpretative study about the pilgrims' way to Santiago de Compostela, not officially recognized today, which came from Portugal, through A Cañiza, and went past A Estrada. Now we do the same with the Southeastern Way, an official pilgrimage route which, after leaving Silleda behind, makes a brief but substantive look at the Northeast end of A Estrada, and then go to Vedra city council in A Coruña.

Como comentamos na anterior Miscelánea, á parte do camiño de peregrinos, na actualidade non oficial, que procedente de Portugal, vía A Cañiza, pasaba polo concello da Estrada, tamén pasa por este termo municipal, aínda que sexa tanxencialmente, o chamado Camiño do Sudeste ou prolongación galega da Vía da Prata, que antes de entrar en territorio estradense, pasa, un pouco antes da Bandeira, pola aldea de Chapa, no limítrofe concello de Silleda, lugar onde está documentada a antiga existencia dun pequeno hospital de peregrinos citado como tal no Catastro del Marqués de la Ensenada (s. XVIII), que estaba baixo a advocación xacobeas de Nosa Señora da Consolación (Rodríguez, 2010, G. E. C. S., voz *Chapa*, A, t. 5: 51), haxiónimo que, como vimos no artigo anterior, se repite na parroquia de Santiago de Tabeirós, no devandito camiño de peregrinos, o cal, procedente do norte de Portugal, atravesaba o concello estradense e a súa capital.

Volvendo ao Camiño do Sudeste ou prolongación da Vía da Prata, este, despois de abandonar o concello de Silleda pola parro-



Sinalización xacobeas coa pertinente vieira no lugar estradense de Besteiros.



O actual trazado do Camiño do Sudeste entre Besteiros e Dornelas.

quia de San Xiao (como veremos outra advocación xacobeas) de Piñeiro, métese actualmente no concello da Estrada pola localidade de Besteiros, pertencente á parroquia de Orazo, aínda que en antigo tempo o Camiño do Sudeste, chamemos histórico, puido pasar pola localidade, próxima á de Besteiros, de Castrovite, se temos en conta que o castro protohistórico de Castrovite foi cristianizado coa ermida de Santa Mariña, advocación xacobeas que atopamos noutros camiños de peregrinos, caso de, tamén no camiño de peregrinos do Sudeste, pero na provincia de Ourense, Santa Mariña de Augas Santas, no concello de Allariz, e da parroquia de

Santa Mariña de Xinzo de Limia, no concello ourensán do mesmo nome (*Cabeza Quiles, A toponimia e a haxionimia...*).

De volta ao trazado do Camiño do Sudeste na aldea estradense de Besteiros, este camiño de peregrinos vólvese internar no concello de Silleda pasando ao pé da magnífica igrexa románica de San Martiño de Dornelas, haxiónimo que tampouco é produto da casualidade, xa que o santo Martiño de Tours (non san Martiño de Dumio), que na Idade Media foi o santo máis popular de Francia, é unha advocación de inspiración e creación francesa moi presente nos camiños de peregrinos a Santiago, caso, tamén no camiño de peregrinos do Sudeste, e todos na provincia de Ourense, da parroquia de San Martiño da Gudiña, de San Martiño de Rebordondo, no



Peregrinos perante a magnífica portada románica da igrexa de San Martiño de Dornelas.



A ábsida románica, non menos magnífica, da devandita igrexa de San Martiño de Dornelas.

concello de Cualedro, de San Martiño de Abavides, no de Trasmirás, de San Martiño de Veigas de Campa, no de Vilariño de Conso e o san Martiño, o patrón da cidade de Ourense; lugares nos que, xunto ao san Martiño da parroquia de Dornelas, a presenza de maneira continuada e repetida desta advocación non nos parece casual, pois debe obedecer a unha antiga estratexia xacobeá perfectamente planificada, que se repite no Camiño Francés, caso de San Martín de Atapuerca (Burgos), San Martín de Frómista (Palencia) ou de San Martín del Camino, topónimo viario e xacobeo situado antes de chegar á localidade leonesa de Hospital de Órbigo (Cabeza Quiles, *A toponimia e a haxionimia...*).

A nosa sospeita de que a presenza repetida e continuada da advocación de san Martiño de Tours nos camiños de peregrinos non sexa casual e obedeza a un plan preestablecido vémosla confirmada a posteriori pola profesora Elisa Ferreira Priegue, quen, no seu magnífico



Nas proximidades da aldea do Portiño a sinalización oficial chama erroneamente Vía da Prata ao Camiño do Sudeste, cando este é unha prolongación daquela.

libro *Los caminos medievales de Galicia*, escribe: “El culto a San Martín de Tours, otro santo [xunto con san Xulián ou Xiao, etc.] de los caminos [nós diríamos dos camiños de peregrinos], fue también difundido por los peregrinos desde Francia” (Ferreira Priegue, 1988: 34).

Despois da igrexa de San Martiño de Dornelas, cuxo

haxiónimo san Martiño debe ser moi antigo, en consonancia co fermoso templo románico ao que dá nome, o camiño de peregrinos do Sudeste ou prolongación galega da Vía da Prata, asfaltado nesta parte do seu percorrido, pasa polo lugar chamado O Portiño, onda o palco da música e abandona a devandita parroquia de Dornelas, para volverse internar no concello da Estrada, pasando a rentes do lugar de Penaporrín, no extremo norte da parroquia estradense de Santa María de Loimil. Despois deste lugar e a carón da N-525 o actual trazado do Camiño do Sudeste volve ser de terra e atravesa un gran traxecto de sombra, percorrendo, case na fronteira da parroquia estradense de Loimil co limítrofe concello de Silleda, zonas arboradas principalmente de carballos para chegar ao lugar da Carballeira, aldea estradense que xa pertence á parroquia de San Miguel de Castro. Neste punto o actual trazado do camiño de peregrinos cruza a estrada CP-2017, que une a localidade da Estrada coa de Ponte Ledesma. Dende A Carballeira, cuxo topónimo aínda fai cumprida referencia aos moitos carballos que alegran esta parte do camiño, este volve ser de asfalto –condición que non abandonará ata a saída da Ponte Ulla– e axiña chega ao lugar chamado O Seixo, aldea na que, por iniciativa da Asociación de Mulleres Rurais de Castro, os peregrinos poden selar as súas credenciais xacobeas; documento que levan os romeiros que fan o camiño a pé, da cabalo ou en bicicleta, para xustificar o seu percorrido co fin de obter, ao chegaren á catedral de Santiago, a chamada Compostela; especie de diploma que se

entrega na Oficina do Peregrino, se o portador da devandita credencial xustifica, mediante os selados pertinentes conseguidos ao longo de varios etapas do camiño, ter feito polo menos os 100 últimos quilómetros do Camiño en caso dos peregrinos que se desprazaron a pé e da cabalo; sendo requiridos 200 quilómetros para os peregrinos que chegan a Santiago en bicicleta. Operación de selado que se pode facer nunha taberna do lugar do Seixo. A carón deste establecemento érguese a Capela das Angustias, que foi trasladada pedra a pedra no ano 1880 dende o contiguo lugar da Alberguería; emprazamento onde, segundo tradicións orais que puidermos recoller, durmían os antigos peregrinos do Camiño do Sudeste,

antes do traslado da devandita capela, que entón estaba baixo a advocación de Santiago, para o lugar do Seixo; ermida xacobeas que cambiou a súa advocación de Santiago pola actual das Angustias cremos que desacertadamente, pois, co cambio de advocacións, desnaturalizouse o carácter xacobeo do Camiño do Sudeste neste punto da parroquia estradense de San Miguel de Castro; carácter que se podería recuperar restituíndo o orixinal e xenuíno título de Santiago –frecuentísimo nos camiños de peregrinos por razóns obvias– para a citada ermida, que volvería a ser a Capela de Santiago.

Despois do lugar do Seixo e a súa ermida das Angustias, que foi de Santiago cando estaba no contiguo lugar da Alberguería, topónimo tamén moi frecuente nos camiños xacobeos por razóns igualmente evidentes, pasamos polo Cotiño e Castro, lugar onde hai, á beira esquerda do camiño, un manancial, chamado A Fonte dos Carballiños; acuífero recentemente recuperado que serve e/ou servi-



A Capela das Angustias, antes de Santiago, está hoxe emprazada no lugar estradense do Seixo.



A Fonte dos Carballiños do lugar estradense de Castro está ao pé do actual trazado do Camiño do Sudeste.

ría en antigo tempo como lugar de augada e refresco para os peregrinos e descendemos cara ao río Ulla, abandonando a parroquia estradense de San Miguel de Castro para entrar na parroquia da Ponte Ulla e pasar polo lugar de Noveledo, xa no concello coruñés de Vedra. Un pouco máis adiante o actual trazado do Camiño do

Sudeste deixa á dereita e ás costas a ermida e a fonte de Nosa señora de Gundían, situada, como o devandito lugar de Noveledo, nunha pequena cuña territorial do concello coruñés de Vedra, emprazada, contra toda lóxica territorial, na ribeira sur do río Ulla.

A relación da ermida de Gundían co camiño de peregrinos despréndese do feito de pertencer nas súas orixes este pequeno santuario mariano ao desaparecido mosteiro de San Xoán da Cova, o cal, situado na ourela oposta do Ulla e destruído por unha grande enchente do río no ano 1571, debeu servir, xunto co tamén desaparecido de San Sebastián, no Pico Sacro, como albergue de peregrinos, segundo comentaremos tamén cando pasemos pola contigua localidade da Ponte Ulla. Sobre a devandita pertenza da ermida ao mosteiro de San Xoán da Cova recolleemos do profesor Juan Fernández Casal que: “Durante a vida activa deste mosteiro os monxes construíron na outra banda do río unha capeliña dedicada á Virxe coa advocación de “Virxe de Gundían”. Atendían a capela a través dunha ponte feita con vigas de catorce metros de largo e construída precisamente no mesmo lugar que agora ocupa a ponte do tren [trátase da xa “antiga” ponte construída nos anos 50 do século pasado]” (Fernández Casal, 2003: 127).

Un pouco despois da ermida Gundían, estamos no extremo norte da parroquia estradense de Arnois e aprestámonos a cruzar a ponte vella da Ponte Ulla para chegármonos á localidade do mesmo nome e volver entrar no concello coruñés de Vedra, mais, antes de cruzar o

río Ulla reparamos, cos pés aínda no concello da Estrada, no topónimo A Calzada, pertencente á devandita parroquia de San Xiao de Arnois, o cal, aínda que hoxe dá nome a unha soa casa, é un claro e evidente nome de lugar viario e xacobeo moi frecuente e repetido nos camiños de peregrinos a Santiago, o cal, aínda que pode referirse a outro camiño ou calzada antiga, tamén podería sinalarnos un trazado alternativo e desaparecido, distinto do actual, do Camiño do Sudeste que, dende a zona do devandito lugar de Noveledo ou dende outra, saltase en forma de calzada empedrada ao da Calzada para atravesar despois o río Ulla, talvez por un antigo paso de barcas situado algo augas abaixo da actual ponte vella da Ponte Ulla. Así, son equiparables e poden servir de exemplos paralelos ao da Calzada da parroquia estradense de Arnois outros topónimos idénticos situados de maneira máis clara e definitiva noutros camiños de peregrinos; caso dun lugar chamado así mesmo A Calzada, situado na aldea do Canizo, da parroquia de Santa María do Canizo, no concello ourensán da Gudiña, tamén no Camiño do Sudeste. No Camiño Francés temos, entre outros moitos que sería tedioso enumerar, o nome da coñecida localidade de Santo Domingo de la Calzada, situada na Rioja. Na mesma e principal ruta de peregrinos temos igualmente A Calzada, nome dunha aldea da parroquia de Burres, no concello coruñés de Arzúa (Cabeza Quiles, *A toponimia e a haxionimia...*).

En canto a San Xiao de Arnois, o nome da parroquia estradense á que pertence o devandito lugar da Calzada, amosa unha advocación de certo moi xacobeo cal é a de san Xiao ou san Xulián, un dos santos, xunto co devandito san Martiño de Tours, viario e avogoso por excelencia de peregrinos e camiñantes. Así, segundo a tradición relixiosa, san Xulián, que semella, como moi ben di Flaubert, ser a versión cristiá de Edipo, despois do seu involuntario e fatal parricidio, instálase para facer penitencia á beira dun río onde constrúe un pequeno hospital, poñéndose ao servizo dos peregrinos aos que axuda a atravesar a corrente fluvial, polo que se converte na figura de San Xillao ou Xulián hospitaleiro, avogoso de peregrinos e albergueiros (lembramos o topónimo A Alberguería da parroquia de San Miguel do Castro), sendo, co citado San Martiño de Tours (lembramos a parroquia de San Martiño de Dornelas) un santo cuxa presenza e culto é para moitos



A parroquia estradense de San Xiao de Arnois ten, en san Xiao, unha advocación inequivocamente xacobeá que se repite adoito noutros camiños de peregrinos.



A ponte vella da Ponte Ulla, por onde transitan os peregrinos, divide os concellos da Estrada e mais Vedra.

estudiosos e historiadores, entre os que nos incluímos, indicio da existencia de camiños medievais (Ferro et alii, 1992: 545), como puido suceder con relación á parroquia estradense de Arnois, cuxa advocación de san Xiao podería referirse a un antigo paso de barcas ou a un vao para atravesar o río Ulla, pertencente a unha variante do Camiño do Sudeste ou ao trazado orixinal desta ruta de peregrinos. Un caso similar podería ser, na chamada Vereá Vella, tramo alternativo do Camiño do Sudeste, o dun lugar chamado así mesmo San Xillao (variante dialectal do san Xiao estradense) da parroquia ourensá de Xunqueira de Ambía, situado a carón do leito do río Arnoia, emprazamento que polas súas características semella sinalar tamén a presenza neste lugar da figura xacobeá de san Xillao ou Xiao hospitaleiro, advocación que puido ter na beira do río Arnoia (e na do río Ulla na parroquia estradense de San Xiao) un hospital e/ou unha capela a carón do río para controlar un estratéxico e frecuentado vao ou un paso de barcas de peregrinos sobre este punto da Vereá Vella, varian-

te do Camiño do Sudeste (Cabeza Quiles, *A toponimia e a haxionimia...*). A este respecto, un pouco río arriba da ponte por onde pasan actualmente os peregrinos da Verea Vella estivo, segundo recollemos do profesor E. Rivas, o chamado Porto Vello, desusado dende que no século XIX se fixo a ponte un pouco máis abaixo. Este hidrónimo viario de Porto Vello, que sinala un antigo vao, porto mollado ou paso acuático, está a uns escasos 200 metros do devandito monte e lugar de San Xillao, circunstancia que tamén fai considerar a E. Rivas a posibilidade de que este topónimo San Xillao se refira á figura de San Xillao ou Xiao hospitaleiro (el prefere chamalo san Xulián o Peregrino) relacionada neste caso co antigo paso fluvial chamado Porto Vello sobre o río Arnoia. O texto sobre o citado lugar chamado San Xillao e o seu contiguo Porto Vello reza así: “Bo testemuño do paso no río Arnoia, xa romano, é o nome de Porto Vello, desusado desde que no século XIX se fai a ponte máis abaixo. Habería que pesquisar o por qué de se chamar, a 200 metros, sobre o monte, Sansillau ou San Xillao o lugariño. Acaso San Xulián o Peregrino, polo vao ou porto no río, cuxo paso protexía?” (Rivas, 2008: 68).

Á parte do San Xillao sobre o río Arnoia e do San Xiao estradense sobre o Ulla, temos outro santo desta titularidade emprazado á beira doutro río na Vía da Prata. Referímonos a un lugar, situado á beira do Esla (Zamora), chamado San Julián onde os peregrinos cruzaban esta corrente fluvial a carón dun hospital. Ao respecto, unha lenda di que san Julián e a súa esposa Basilisa, fundadores neste lugar da igrexa altomedieval de San Pedro de la Nave, hoxe cambiada do seu emprazamento orixinal por mor da construción dun encoro, recibiron como penitencia atender, cunha barca e o citado hospital, os peregrinos que cruzaban o río Esla neste lugar (Cabeza Quiles, *A toponimia e a haxionimia...*).

O mesmo santo tamén aparece na advocación do mosteiro de San Xián ou San Xulián de Samos, importante e significativo punto do Camiño Francés, o que constitúe, ao noso entender, outro exemplo de que o culto a este santo, demostrado polo seu topónimo haxiográfico, é un sinal inequívoco da existencia de camiños de peregrinos, que verían en San Xulián hospitaleiro unha advocación protectora nas súas viaxes relixiosas.

Outro san Xulián emprazado así mesmo á beira dun camiño de peregrinos a Santiago é o de San Xulián do Camiño, topónimo situado no Camiño Francés, despois da localidade luguesa de Palas de Rei. No mesmo camiño de peregrinos, pero fóra de Galicia, temos, referido a un antigo hospital de peregrinos hoxe desaparecido, o topónimo San Julián, situado antes de chegarmos á localidade navarra de Viana, poboación na que houbo outro hospital de peregrinos baixo a advocación de san Julián.

No Camiño Portugués cabe citar a aldea chamada San Xulián da parroquia de San Xulián de Requeixo, hoxe San Xulián de Pontecesures (Pontevedra), coa súa igrexa románica de San Xulián a carón do río Ulla, lugar no que, aínda que a tradición oral non o evoca, puido haber tamén un antigo paso de barcas para peregrinos baixo a advocación de san Xulián, a non ser —é outra posibilidade— que esta advocación estivese relacionada coa antiga e actual ponte sobre o Ulla de fundamentos moi antigos. Sexa como for, o citado Camiño Portugués pasa, un pouco antes de chegar ao río, xusto ao pé da igrexa e do cemiterio de San Xulián, que ten a poucos metros a devandita ponte que, unindo as provincias de Pontevedra e A Coruña, sufriu varias remodelacións ao longo da súa historia, unha das cales, a do século XII, se lle atribúe ao mestre Mateo.

Cos devanditos exemplos e outros que temos documentados (Cabeza Quiles, *A toponimia e a haxionimia...*) vemos que a advocación de san Xulián, Xián, Xillao ou Xiao ten unha presenza o suficientemente abundante nos camiños de peregrinos a Santiago para non ser considerada como mero produto da casualidade o que concorda, como indicamos antes, coa opinión de diversos historiadores, os cales, e agora citamos o parágrafo de maneira textual: “consideran a presenza de culto de San Xián como indicio de camiño medieval” (Ferro et alii, 1992: 545), aínda que, segundo pensamos, sería mellor matizar e completar que o culto e a atención dispensados a este santo presente na toponimia son indicio, non só da existencia de camiños medievais, senón de camiños medievais de peregrinos a Santiago, preferentemente en lugares en que estes atravesan ríos, o que está de acordo coa parroquia estradense de San Xiao de Arnois, emprazada na área de influencia do camiño de peregrinos do Sudeste nunha

zona da ribeira do río Ulla na que aínda hoxe a tradición oral recorda a desaparecida existencia de barcas fluviais no río Grande, apelativo co que os veciños desta contorna se refiren ao río Ulla, sen dúbida un río caudaloso, fermosísimo e grande.

Deixamos a parroquia de San Xiao de Arnois e abandonamos definitivamente o concello da Estrada para, seguindo o trazado do Camiño do Sudeste, cruzarmos, agora si, a próxima ponte que nos introduce no lugar da Ponte Ulla, do concello coruñés de Vedra. Nesta poboación é digna de resaltar a súa igrexa románica de Santa María Madalena, advocación, como as de san Martiño de Tours e san Xiao, moi ligada ao mundo xacobeo : “Su iglesia parroquial [a da A Ponte Ulla], de factura románica, está bajo la advocación de Santa María Magdalena, muy ligada al mundo jacobeo” (Rocamonde Iglesias, 2010, G. E. C. S, voz *Vedra*, t. 18: 58). Así, sen estendérmolos demasiado, e obviando outros exemplos, que temos documentados, atopamos, tamén no Camiño do Sudeste, mais na súa variante ourensá chamada Verea Vella, a parroquia de Santa María Madalena de Paradiña; En canto ao seu correspondente haxiónimo simple Madalena ou A Madalena, dá nome nos camiños de peregrinos a Santiago a fundacións relixiosas das que dependían hospitais para peregrinos e antigas leprosarías, preferentemente para mulleres; caso, no Camiño Francés, da capela da Madalena da vila coruñesa de Arzúa, que tivo un hospital para peregrinos, ou, na mesma ruta xacobeá, do convento da Madalena da vila luguesa de Sarria, fundado no século XIII, tamén como hospital de peregrinos (Cabeza Quiles, *A toponimia e a haxionimia...*).

Na Vía da Prata existe así mesmo o haxiónimo María Magdalena referido a templos dedicados a esta santa, caso da igrexa de Santa María Magdalena da cidade de Zamora, de finais do século XII e comezos do XIII; a cal, segundo algúns investigadores, foi construída por iniciativa da Orde dos Templarios ou polos seus sucesores históricos e cronolóxicos, a Orde dos Hospitalarios de Malta, tamén chamada de San Xoán de Xerusalén; orde relixiosa e militar de cabaleiros monxes, que tiña a misión de protexer, como A Orde dos Templarios, os peregrinos dos camiños de Santiago (Cabeza Quiles, *A toponimia e a haxionimia...*).



Santa María Madalena ou Madanela da Ponte Ulla é outra, como a de san Xiao de Arnois, advocación xenuinamente xacobeá.

No tocante a antigas leprosarías baixo a advocación da santa María Madalena, no Camiño Francés, a carón la localidade navarra de Lakuntza, a documentación histórica cita a desaparecida ermida de Santa María Magdalena, a cal, ao parecer, se utilizou como leprosaría, e que, segundo a devandita documentación,

existía no ano 1563. No chamado Camino de Castilla, que ía de Bayona a Burgos, pasando por Tolosa e moi frecuentado por peregrinos, houbo, na devandita localidade de Tolosa, unha leprosaría coa súa correspondente capela de Santa María Magdalena. No Camiño do Norte, nos arrabaldes da cidade de Gijón, está a igrexa de Santa María Magdalena de fundamentos románicos, onde, segundo diversos indicios e fontes, existiu, no ano 1331, unha leprosaría da que moi probablemente o citado templo, hoxe moi desfigurado, formaba parte. No Camiño Portugués existe un lugar chamado A Madalena na parroquia de Ribadelouro, do concello pontevedrés de Tui. No mesmo camiño de peregrinación, pero chegando a Santiago, está a capela de Santa María Madalena no Milladoiro, situada nun emprazamento, hoxe rodeado de edificios modernos, preto do cal puido estar o milladoiro, amilladoiro ou morea de pedras formado polos peregrinos ao que alude o topónimo O Milladoiro; exemplos, e existen moitos máis (*Cabeza Quiles, A toponimia e a haxionimia...*), que poden ser paralelos e comparables, segundo pensamos, ao de Santa María Madalena da Ponte Ulla, no Camiño do Sudeste.

Ao final da localidade da Ponte Ulla e sobre o camiño, hoxe convertido en estrada asfaltada, existe unha artística fonte que ten ao seu carón un cruceiro, sendo ambos os dous elementos dignos de resaltar por se atopar moitas veces asociados e formando parte de camiños de peregrinos.



O cruceiro da Ponte Ulla sinala e baliza o paso do Camiño do Sudeste e forma parte deste.



O capitel románico da Ponte Ulla amosa a figura mitrada e con báculo de san Nicolás de Bari e tres nenos por el resucitados dentro dunha especie de barreño.

A escasos metros da fonte e do cruceiro da Ponte Ulla atopamos outra pegada xacobeá, situada tamén á beira do camiño, cal é un fermoso capitel románico, incrustado nunha casa, que representa un milagre de san Nicolás de Bari co santo resucitando tres nenos que xacían mortos nunha especie de recipiente ou barreño; advocación relixiosa que tampouco é gratuíta e inocente, posto que san Nicolás de Bari, seguramente traído nun principio por peregrinos italianos ao Camiño Francés, debeu espallarse despois a outras rutas xacobeas, como moi ben pode ser o caso da súa citada iconografía no Camiño do Sudeste na Ponte Ulla. Así, e entre outros, no Camiño Francés, temos a igrexa de San Nicolás de Bari da cidade de Burgos, belido exemplar do románico tardío, situado ao pé do camiño e enfronte da catedral. No mesmo camiño de peregrinos, nas inmediacións da ponte de Ponte Fitero, entre as provincias de Burgos e Palencia, existiu tamén unha ermida dedicada a san Nicolás de Bari,

hoxe rehabilitada como albergue de peregrinos. Así mesmo no Camiño Francés temos o san Nicolás de Bari patrón da igrexa de Molinaseca, localidade próxima á cidade de Ponferrada. Tamén no Bierzo leonés, pero un pouco máis preto de Galicia, a igrexa de Trabadelo, dedicada a este santo, nado na actual Turquía e trasladado *post mortem* á localidade italiana de Bari, amosa, segundo pensamos, a gran vinculación de san Nicolás cos camiños de peregrinos; indubidable, para nós, advocación xacobeá que mesmo, segundo nos conta o capítulo IX do Libro Quinto do Códice Calixtino, tiña un altar na catedral de Santiago: “Los altares de esta iglesia se encuentran en este orden. En primer término, junto a la puerta Francesa que se halla al lado izquierdo, está el altar de san Nicolás” (Liber Sancti Jacobi, “Codex Calixtinus”, lib. V, cap. IX: 563-564).

Volvendo á Ponte Ulla, pensamos que é importante destacar que o devandito capitel románico coa figura de San Nicolás de Bari proviría, segundo a tradición oral, do contiguo e desaparecido mosteiro de San Xoán da Cova, as pedras do cal, moito antes de seren sepultadas baixos os entullos da construción da devandita ponte do tren, foron reutilizadas na construción de moitas casas antigas e algún pazo da Ponte Ulla e arredores; edificacións entre as cales podería estar a actual casa portadora do capitel que nos ocupa, sendo perfectamente posible e verosímil, segundo pensamos, que esta peza formase, efectivamente, parte do mosteiro de San Xoán da Cova, que dada a súa antigüidade —está documentado xa no século IX— e a súa proximidade e inmediatez ao Camiño do Sudeste, puido servir, como comentamos antes, como lugar de albergue de peregrinos e formar parte da antiga infraestrutura hospitalaria deste camiño xacobeo, como ocorre, de certo, con outros moitos mosteiros situados á beira ou preto de antigas rutas de peregrinación; teríamos así, coa reubicación ideal do capitel no seu posible e verosímil contexto orixinal, formando parte do mosteiro de San Xoán da Cova, a figura de san Nicolás de Bari perfectamente incardinada no Camiño do Sudeste. En canto á antigüidade e avoengo do mosteiro, este xa aparece nun documento do ano 883 publicado por López Ferreiro: “monasterium sancti Ioannis in eremo quod est fundatum in ripa fluuii Vlie in cauerna [cova no sentido de gran depresión de terreo]



O sinal toponímico que indica o lugar chamado A Retorta, onde o antigo Camiño do Sudeste describiría unha gran curva ou retorta.

O Camiño do sudeste conserva a súa antiga pátina na Ponte Ulla converténdose neste fermosísimo camiño empedrado.

montis quam dicunt Montem sacrum” (López Ferreiro, 1983, (reed.), ap. 1: 27).

Volvendo á Ponte Ulla, a partir da casa que hoxe amosa o capitel, o Camiño do Sudeste, que durante todo o noso percorrido non nos amosou tramo ningún do seu aspecto orixinal ou case orixinal, recobra esa fasquía e durante uns poucos metros costa arriba temos, por fin, ocasión de camiñar por un fermoso camiño empedrado, o cal, aínda que non sexa o primeiro ou o orixinal, semella moi antigo, desaparecendo o seu piso de pedra moi preto dun sinal toponímico que conduce a un lugar contiguo chamado A Retorta, topónimo viario que fai alusión á antiga curva ou retorta dun camiño antigo, que debeu ser o Camiño do Sudeste, pois o nome de lugar A Retorta aparece noutros camiños de peregrinos; caso da parroquia de Santa María de Retorta, con cruceiro e templo góticos, situada á beira do antigo e actual itinerario de peregrinos que une a localidade portuguesa de Chaves coa ourensá de Laza (Cabeza Quiles, *A toponimia e a haxionimia...*); xa que o devandito lugar chamado A Retorta, que pertence á parroquia da Ponte Ulla, está a uns 200



Un Santiago Peregrino dunha casa particular, situada sobre o actual trazado do Camiño do Sudeste, observa o paso dos romeiros preto do devandito lugar da Retorta.



O lugar chamado O Francés, antes con toda probabilidade *O (Camiño) Francés, alude ao antigo Camiño do Sudeste; obsérvase, ao fondo, o cume do Pico Sacro.

metros do trazado do actual camiño de peregrinos, pensamos que en antigo tempo este debeu pasar polo citado lugar, onde describiría a curva ou retorta que hoxe denuncia o topónimo,

Un pouco despois abeiramos a estrada N-525 e as súas proximidades, como fixemos noutros lugares dende que comezamos o noso tramo do Camiño do Sudeste na localidade estradense de Besteiros, e chegamos ao lugar de Eiravedra, da parroquia de Santa Cruz de Ribadulla do concello de Vedra. Dende esta aldea o trazado actual por onde camiñan os peregrinos chega ao próximo lugar do Outeiro sen pasar, aínda que si preto, polo lugar chamado O Francés da parroquia de San Pedro de Vilanova, cando, segundo pensamos, debería facelo por razóns históricas, pois O Francés é un topónimo viario e xacobeo, que debeu ser antes *O (Camiño) Francés, en clara alusión ao Camiño do Sudeste neste punto, moi probablemente, por non dicir seguro, chamado O Francés ou *O (Camiño) Francés por analoxía e comparación co verdadeiro Camiño Francés, o cal ao ser o principal e máis representativo de todos os camiños de peregrinos a Santiago, emprestoulle o seu prestixioso e afamado nome a outros camiños xacobeos, como debeu suceder no lugar O Francés do concello de Vedra, nun principio, con toda probabilidade, chamado, antes da elipse ou desaparición da palabra “camiño”, *O (Camiño)

Francés; topónimo que non se refire, xa que logo, ao Camiño Francés propiamente dito, senón ao Camiño do Sudeste neste punto; sorte ou especie de metonimia que se repite con relación a outros camiños de peregrinos. Así, a Verea Vella, o devandito camiño xacobeo alternativo ao Camiño do Sudeste na provincia de Ourense, tamén foi chamado O Francés ou O Camiño Francés, como debeu pasar co topónimo O Francés do concello de Vedra (Cabeza Quiles, *A toponimia e a haxionimia...*).

Por se o anterior non abundase, o gran prestixio e fama que acadou o Camiño Francés de peregrinos en antigo tempo non só fixo que o seu nome lle fose aplicado a outros camiños xacobeos, pois tamén serviu para nomear calquera camiño máis ou menos importante, especialmente os antigos camiños reais. A este respecto, recollemos da profesora Elisa Ferreira Priegue, no seu devandito e magnífico libro *Los caminos medievales de Galicia: "Camiño Francés, Francés, Camiño dos Franceses. Camino a Santiago... aunque a veces venga de Portugal, de Zamora o de la costa [e non de Francia]. A partir del siglo XVI, sobre todo, el término se usa con mucha imprecisión [abofé], para designar un camino real* (Ferreira Priegue, 1988: 33). Afirmación da profesora Ferreira Priegue que se ve confirmada pola documentación antiga, así, entre outros, nun testemuño escrito do ano 1563 do Archivo Histórico Diocesano de Santiago, o camiño antigo que ía de Santiago a Carballo ao seu paso pola actual parroquia carballesa de Ardaña é chamado “camiño real que va para Santiago y Coruña que más adelante se llama también “camino francés” (Ferreira Priegue, 1988: 134, n. 276). Todo o anterior sen descartar a posibilidade de que o actual Camiño do Sudeste no devandito lugar do Francés e proximidades fose nun principio unha vía romana, reutilizada despois, á parte de cómo vía xacobeas, como camiño real.

Pensamos, pois, polas razóns históricas e filolóxicas expostas, que debería restituírse o actual percorrido do Camiño do Sudeste que une a localidade de Eiravedra coa do Outeiro no concello de Vedra, facéndoo pasar polo lugar chamado O Francés, cuxo significado viario e xacobeo así o aconsella.

Dende o lugar do Francés (hoxe o fan dende as súas proximidades) os peregrinos históricos debían chegar ao contiguo e devandito



A capela do Santiaguíño do concello de Vedra, como a súa case tocaia de Santiago da Alberguería do da Estrada, acolleu antigamente peregrinos.



A belida fonte barroca do Santiaguíño.

lugar do Outeiro, outro fito importante do Camiño do Sudeste, que aínda amosa sobranceiras pegadas xacobeas, xa que alí atopamos a capela do Santiaguíño; flagrante advocación xacobeá, que se repite, como vimos, na trasladada capela estradense de Santiago do lugar da Alberguería; paralelismo que nos incita a pensar que a alberguería de peregrinos á que alude o topónimo A Alberguería da parroquia estradense de San Miguel de Castro, á cal nos referimos con anterioridade, fose a propia capela, toda vez que existe constancia documental de que a capela do Santiaguíño (e outras situadas nos camiños de peregrinaxe) do concello de Vedra, á parte de como lugar de culto, era utilizada como albergue ou refuxio de peregrinos, segundo consta na súa carta de fundación, que di (texto actualizado) que o seu “ermitaño ha de tener y tiene obligación de recoger en dicha casa [a capela, unha pequena construción pegada a ela ou un cuarto da propia capela] a los peregrinos que allí llegaren [supoñemos que



A atípica fiestra da capela estradense das Angustias, nun principio de Santiago, que puido pertencer ao posible cuarto ou estancia reservado para os peregrinos.

sería preferentemente de noite]” (Quintales, 2002: 190), co que queda o suficientemente clara a utilización deste pequeno santuario como alberguería ou refuxio xacobeo, realidade que podería ser extensible, xa que logo, á capela que houbo no lugar chamado A Alberguería do concello da Estrada, ante do seu traslado, no ano, 1880, para o contiguo lugar do Seixo.

Volvendo á aldea do Outeiro, a carón da capela do Santiaguíño existe unha fermosa fonte (trasladada dende un lugar próximo) que posúe unha inscrición relacionada co traslado do corpo de Santiago. Na fonte hai unha estatua de Santiago e outras dúas que poderían representar os seus discípulos Teodoro e Atanasio. Segundo algúns autores, as figuras procederían do coro románico da catedral de Santiago, construído baixo o mandato escultórico do mestre Mateo. Sexa como for, a poucos metros do interesante conxunto xacobeo do lugar do Outeiro atópase o último e derradeiro albergue moderno de peregrinos do Camiño do Sudeste ou prolongación da Vía da Prata antes de chegarmos á cidade da gran perdoanza.

ADDENDA: a posibilidade que formulamos de que a alberguería de peregrinos á que alude o topónimo estradense A Alberguería da parroquia de San Miguel de Castro fose, polo menos durante algún tempo, a Capela de Santiago queda definitivamente confirmada. Así, recollemos de Reimóndez Portela que: “podemos [no lugar da Carballeira] desviarnos en dirección A Estrada uns 500 metros para chegar ao lugar da Alberguería, que como o seu nome indica foi un lugar de albergue e os veciños recordan cómo os *peregrinos durmían alí na capela de Santiago* [o subliñado é noso], que en 1880 foi trasladada ao lugar do Seixo” (Reimóndez Portela, 2007: 129), aínda que, como indicamos antes con relación á capela do Santiaguíño do concello de Vedra, o albergue de peregrinos estradense podería ter sido a capela propiamente dita, unha pequena construción unida a ela ou un pequeno cuarto da mesma; conxectura que non podemos matizar ao non coñecermos o santuario por dentro, se ben dende o exterior puidemos ver, na parte de atrás do seu muro sur, unha ventá que polo seu aspecto e funcionalidade (parece a ventá dunha casa e non dun edificio relixioso) podería pertencer ao posible cuarto ou estancia reservado en antigo tempo aos peregrinos.

Bibliografía

- CAAMAÑO GESTO, X.M., 1984. *As vías romanas*, Cadernos do Museo do Pobo galego 3, Caixa Galicia, Santiago de Compostela.
- CABEZA QUILES, F., 1992. “El caballo en las peregrinaciones a Compostela”, en *Galicia en Madrid*, núm. 3, julio-agosto de 1992
- CABEZA QUILES, F., 1992. *Os nomes de lugar. Topónimos de Galicia: a súa orixe e o seu significado*, Edicións Xerais, Vigo.
- CABEZA QUILES, F., 2000. *Os nomes da terra. Topónimos galegos*, Editorial Toxosoutos, Noia.
- CABEZA QUILES, F., 2008. *Toponimia de Galicia*, Editorial Galaxia, Vigo.
- CABEZA QUILES, F., 2011. “As pegadas xacobeas do concello da Estrada (I)”, en *Miscelánea histórica e cultural*, núm. 14, Fundación Cultural da Estrada, Museo do Pobo Estradense “Manuel Reimóndez Portela”.
- CABEZA QUILES, F. *A toponimia e a haxionimia galega dos camiños de peregrinos a Santiago*, en preparación.
- FERNÁNDEZ CASAL, J., 2003. “A virxe de Gundián”, en *Miscelánea histórica e cultural*, núm. 6, Fundación Cultural da Estrada, Museo do Pobo Estradense “Manuel Reimóndez Portela”.

- FERREIRA PRIEGUE, E., 1988. "Los caminos medievales de Galicia", *Boletín Auriense*, anexo 9, Museo Arqueológico Provincial, Ourense.
- FERRO RUIBAL, X. et alii, 1992. *Diccionario dos nomes galegos*, Ir Indo Edicións, Vigo.
- Liber Sancti Jacobi*. "Codex Calixtinus", 1999. Traducción por los profesores A. Moralejo, C. Torres y J. Feo, Xunta de Galicia.
- LÓPEZ FERREIRO, A., 1983, (reed.), *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago*, ap. 1, Editorial Sálvora, Santiago de Compostela.
- POUSA, X. R., 1992. *El Camino de Santiago*, La Voz de Galicia.
- QUINTALES, L. A. M., 2002. *Ruta del Camino de Fonseca. De Salamanca a Santiago de Compostela*, Amarú Ediciones, Salamanca.
- REIMÓNDEZ PORTELA, M., 2007. *A Estrada rural*, Servizo de Publicacións Deputación de Pontevedra.
- RIVAS QUINTAS, E., 2008. *Historia arredor do Camiño Meridional de Santiago de Galicia*, Promocións Culturais Galegas S.A., A Nosa Terra.
- ROCAMONDE IGLESIAS, T., 2010. *Gran Enciclopedia del Camino de Santiago. Diccionario de la Cultura Jacobea* (G. E. C. S.), voz Vedra, tomo 18. Ediciones Bolanda.
- RODRÍGUEZ, M. F., 2010. *Gran Enciclopedia del Camino de Santiago. Diccionario de la Cultura Jacobea* (G. E. C. S.), voz Chapa, A, tomo 5. Ediciones Bolanda.
- VALIÑA, E., 1993. *EL Camino de Santiago. Guía del peregrino a Compostela*, Editorial Galaxia, Vigo.
- VÁZQUEZ DE PARGA, L., LACARRA, J. M. e URÍA RÍUS., 1948. *Las peregrinaciones a Santiago de Compostela*, 3 tomos, Consejo Superior de Investigaciones Científicas, Escuela de Estudios Medievales, Fondo de Publicaciones Gobierno de Navarra, Pamplona.
- VV. AA. 2010. *Gran Enciclopedia del Camino de Santiago. Diccionario de la Cultura Jacobea* (G. E. C.), 18 tomos, Ediciones Bolanda.

